

OS CONTOS DO OURIZO

Texto de SERGUÉI KOZLOV

Ilustracións de ZUZANNA CELEJ

Selección e tradución de ANA MARÍA GONZÁLEZ SALGADO

Encadernado en cartón. 15 x 21,5 cm. 56 páx. 16 €

Os contos do Ourizo (galego)

ISBN 978-84-1343-218-2. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Los cuentos del Erizo (castelán)

ISBN 978-84-1343-219-9. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Contes de l'Eriçó (català)

ISBN 978-84-18558-68-9. Álbum ilustrado. Clàssics contemporanis.

*Ía xa para un mes que o Ourizo gabeaba todas as noites
por un piñeiro e limpaba as estrelas.*

*«Se non limpo as estrelas cada noite, seguro que desaparecerán»,
pensaba el.*

*E, desde pola mañanciña, saía da casa, facía unha vasoira
de xestas para sacudir o po das estrelas e lavaba o pano...*

«Os contos do Ourizo» reúne sete fermosos relatos protagonizados por esta entrañable criatura e outros habitantes do bosque: o Osiño, o Coello, o Esquíu... personaxes que transmiten tenrura e bondade, ledicia e sensibilidade. As súas vivencias falan de como apreciar cada momento, da autenticidade e a sinxeleza; convidan a reflexionar sobre a importancia de compartir, do respecto aos demais, do coidado á contorna... Son historias divertidas e conmovedoras en que están presentes os grandes temas da infancia -curiosidade, descubrimento, sonhos, medos...- e presentan a vida como un camiño a través do descoñecido, con xiros inesperados e voltas do destino.

Desde hai máis de cincuenta anos, os clásicos de Serguéi Kozlov están presentes nas bibliotecas e os fogares de moitas familias. Os seus contos atemporais, escritos con claridade, emoción e un humor sutil, alimentaron a imaxinación de varias xeracións de nenas e nenos. A súa obra remite a outras series emblemáticas como tigre pequeno e oso pequeno de Janosch ou as fábulas contemporáneas de Arnold Lobel.

As ilustracións de Zuzanna Celej envolven os textos con dozura a base de acuarelas de tons suaves e augados sobre as que destaca o trazo delicado dos lapis.



- **Temática:** aventuras dos animais do bosque.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** animais, bosque, amizade, compartir; clásicos da literatura infantil rusa; da ilustradora de «[O segredo de Avó Oso](#)» e «[El idioma secreto](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/os-contos-do-ourizo-g>

Serguéi Kozlov

(Moscova, 1939 - 2010)

Comezou a escribir poemas e contos de fadas na infancia. Graduado no Instituto Literario, desempeñou varios oficios: torneiro, profesor de canto, impresor, bombeiro, guía do Museo Pushkin... experiencias que trasladou ás súas obras: poesía, teatro, contos... Tamén desenvolveu un amplo labor como tradutor. Autores como Ivan Bunin, Serguéi Yesenin e Boris Pasternak eran algúns dos seus referentes. Escribiu máis dunha vintena de guións para películas de animación na televisión rusa, de aí que a súa figura sexa moi admirada no seu país. «O ourizo na néboa» (1975) foi a máis aplaudida e premiada en festivais da Unión Soviética, Londres, Teherán, Portugal... En 2003 foi elixida por un cento de directores como a mellor película de animación xamais rodada. Kozlov recibiu, entre outros recoñecementos, o Premio Korney Chukovsky 2009 por contribuír á innovación da literatura infantil e polo seu respecto á tradición.

Zuzanna Celej

(Polonia, 1982)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona e en Ilustración pola Escola de Arte e Deseño Llotja de Barcelona. Especializouse en ilustración, fotografía artística e gravado. Ilustrou máis de cincuenta libros, faceta que compaxina con proxectos de pintura mural e exposicións en Europa e Estados Unidos. Recibiu varios premios nacionais e internacionais. Ademais, imparte cursos e talleres de artes plásticas.

<https://linktr.ee/zuzannacelej>

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com